



A presidenta do Parlamento de Galicia recibe á nova cónsul de Uruguai en Santiago

Santiago, 19 de febreiro de 2010.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, recibiu este mediodía, no seu despacho da Cámara, á nova cónsul da República Oriental do Uruguai en Santiago de Compostela, Marta Echarte Baraibar, que está a efectuar unha rolda de visitas institucionais logo de tomar posesión.

Na entrevista, Pilar Rojo Noguera fixo memoria do valioso legado forxado pola emigración galega no Uruguay, e tamén valorou a integración acadada polos uruguayos de orixe que, en tempos máis recentes, se teñen asentado en Galicia.

Rojo Noguera desexou toda clase de éxitos á cónsul nas responsabilidades que ven de asumir en Santiago de Compostela, avogou pola intensificación das xa intensas relacións entre Galicia e Uruguai e reiteroulle que as portas do Parlamento de Galicia están abertas para calquera proposta ou suxestión.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.